



# MEMORIA DE ACTIVIDADES E ECONÓMICA 2022

## ASOCIACIÓN ELAS





## ÍNDICE

|                                                                                                                  |    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Presentación                                                                                                     | 3  |
| 1-A Entidade                                                                                                     | 4  |
| <ul style="list-style-type: none"><li>• Datos Xerais</li><li>• Obxectivos</li><li>• Ámbito territorial</li></ul> |    |
| 2-Organización                                                                                                   | 7  |
| <ul style="list-style-type: none"><li>• A Xunta Directiva</li><li>• Voluntariado</li></ul>                       |    |
| 3-Actividades Ano 2022                                                                                           | 8  |
| 4-Agradecementos                                                                                                 | 18 |
| 5-Datos Económicos                                                                                               | 19 |
| <ul style="list-style-type: none"><li>• Conta de Resultados 2022.</li><li>• Balance de Situación 2022.</li></ul> |    |



## PRESENTACIÓN

A Asociación Elas naceu no ano 2005 co obxectivo de fomentar a integración da muller na vida social, cultural, económica e política a través da promoción dun valor fundamental como é o da Igualdade.

Tamén comprendemos, pola nosa experiencia, a importancia da participación coma base do activismo social. E tamén do traballo en rede.

Ao longo da nosa traxectoria, traballamos, pola muller e pola igualdade, tanto no noso Concello de Bergondo, como na nosa comarca, formando parte das entidades supramunicipales máis importantes: Reserva da Biosfera, GDR-23, GALP Golfo Ártabro Sur, etc.

A XUNTA DIRECTIVA

Decembro 2022



## 1- A ENTIDADE

### DATOS XERAIS

**Denominación:** Asociación Elas, pro-igualdade de dereitos da muller.

**Nº de socios/as a 31 de Decembro 2022:** 29

**CIF:** G70027750

**Data de constitución:** 6 de Xuño de 2005

**Inscripción no Rexistro Central de Santiago**  
**Núm:** 2005/008.980/1

**Inscripción no REMAV do Concello de Bergondo**  
**Núm:** 20

**Domicilio social**  
Lugar Carrio 54A-Bergondo- A Coruña

**Código postal:** 15165

**Teléfono:** 616 398 143

**E-mail:** [elasociacion@hotmail.com](mailto:elasociacion@hotmail.com)

**Web:** [www.mencargf.wix.com/elasociacion](http://www.mencargf.wix.com/elasociacion)

**Redes sociais:** [www.facebook.com/Elasociacion](https://www.facebook.com/Elasociacion)



## OBXECTIVOS

Son obxectivos principais da Asociación Elas: Realizar as accións e actividades necesarias para traballar a favor dos dereitos e intereses da muller.

Actividades para conseguir os obxectivos:

- a. Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres con actuacións en tódolos ámbitos posibles, fomentando a economía social, o voluntariado social e a acción social.
- b. Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por sexo e defender os dereitos e intereses das mulleres.
- c. Informar e instruír as mulleres en cuestións que afecten ó seu interese xeral.
- d. Realizar campañas de sensibilización da poboación sobre os problemas da muller.
- e. Combater as conductas discriminatorias contra a muller.
- f. Favorecer a integración social e laboral das mulleres en risco de exclusión social.
- g. Promover a presenza das mulleres nos ámbitos de participación políticos e sociais.
- h. Fomentar a comunicación, relación e intercambio con outras organizacións de mulleres e fomentar redes de apoio mútuo e autoestima.

## ÁMBITO TERRITORIAL

A pesares de que, pola súa fundación, a Asociación Elas está moi ligada ao territorio da comarca das Mariñas (A Coruña), onde procuramos ser activas, o seu ámbito territorial abarca enteiramente a Comunidade Autónoma de Galicia. Aínda que, nestes momentos, Bergondo é prioridade.





## 2- ORGANIZACIÓN

### ÓRGANO DE GOBERNO

A Xunta Directiva

#### **Presidenta**

Carmen García Fernández

#### **Secretaria**

Carmen Cantón Rodríguez

#### **Tesoreira**

M<sup>a</sup> Dolores Candal Fernández

#### **Vocal**

M<sup>a</sup> Josefa González Carrín

### VOLUNTARIADO

Tódalas compoñentes da Xunta Directiva traballan de forma voluntaria, sen recibir ningunha remuneración.

Por isto, o voluntariado é unha figura esencial na nosa entidade. Desexamos seguir contando coa súa colaboración.



### 3-ACTIVIDADES

**Durante todo o ano**

#### **Biblioteca**

Elas foi creando unha Biblioteca con servizo de préstamo, con materiais procedentes de doazóns de varias Bibliotecas e Entidades, e tamén dos veciños e veciñas.

Damos prioridade a temas relacionados coa muller. Este material está a disposición do público. Tan só hai que cubrir una ficha de préstamo.



Biblioteca do local de Fiobre



## GDR-23 As Mariñas-Betanzos-Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

- Elas adheriuse ao Grupo de Desenvolvemento Rural-23, "As Mariñas-Betanzos" no ano 2008. Participou de forma activa na súa creación. A nosa asociación continua formando parte deste GDR. Tamén formamos parte da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.





## GALP "Golfo Ártabro Sur"

**Elas participa no GALP "Golfo Ártabro Sur", para seguir traballando polo desenvolvemento da nosa Comarca na área de Muller. Formamos parte da Mesa do Sector Social, sección Mulleres. Tentamos de dar difusión ao traballo do Golfo Ártabro Sur, en canto aos temas relacionados coa perspectiva de xénero.**

- Participamos no proxecto "Un Mar en Común", a Afouteza do Mar, coma socias do Golfo Ártabro Sur, no sector social.



- Asistimos á reunión da **Asemblea Xeral de socios/as** o 13 de maio no Edificio Multiusos da Senra, en Bergondo.



- Asistimos á inauguración da exposición “La flota pesquera del Golfo Ártabro Sur”, o 22 de Xullo, na Casa da Cultura de Sada. Exposición itinerante que pasou tamén polos Concellos de Oleiros, Arteixo e A Coruña. O obxectivo era dar a coñecer a relevancia pesqueira que ten a nosa comarca.





- Asistimos o 29 de Xullo á **reunión online da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do Galp Golfo Ártabro Sur**. Houbo ideas e aportacións moi interesantes. Sempre apostamos pola participación, presencial ou online, porque é unha oportunidade de ser escoitadas e de aportar o noso grao de area.



- Elas asistiu o **25 de Novembro á Xornada de presentación de resultados do Programa FEMP 2014-2020 do Galp Golfo Ártabro Sur**. Noraboa por eses extraordinarios resultados e por traballar baixo o prisma da igualdade.



- Participamos na **Andaina pola Igualdade**, que tivo lugar o 12 de Marzo, con motivo do 8M, e tamén para inaugurar o novo **Roteiro "Outeiros do Mandeo"**, entre **Fiobre e Mariñán**, no Concello de Bergondo.





- Participamos nas xornadas de traballo de **"Multiplicando Bergondo en feminino"**. No **Encuentro de Entidades Sociais**, nos días 6 e 13 de Maio, na Senra. Foi unha actividade moi productiva, para poder coñecernos e coordinarnos, que xurdan alianzas, etc. Xurdiron ideas interesantes e houbo moita implicación por parte das diversas entidades.





- Participamos na **primeira Andaina de Bergondo en Feminino**, deste 2022. De **Ouces a Moruxo**. Celebrouse o 28 de Maio. Para coñecer as mulleres homenaxeadas polo Concello anos 2021 e 2022. Unha boa forma de **visibilizar as nosas referentes e reivindicar a igualdade**. Participamos preto de 40 veciños e veciñas, e foron uns 4 Km. Poidemos coñecer a vida e obra de **Antonia Pato Pardo, María Vázquez López e Indalecia Juana Pérez Mesa**.



- Participamos na presentación, co Voluntariado do Concello, do proxecto **"Bergondo en Feminino"** en Santiago, o 17 de Xuño. No **IV Encontro anual do Globo**. O Globo é unha ferramenta para a promoción da cidadanía global, iniciativa da **ONGD Solidaridade Internacional de Galicia**. O proxecto pasa a formar parte das micro-experiencias de transformación social do Globo, para replicalo noutras partes, ampliando o seu impacto. Pódese consultar na web: <http://globo.solidaridadgalicia.org/sonda/38/bergondo-en-femenino>.





- Participamos en Betanzos, o 23 de Novembro de 2022, na xornada do Consorcio das Mariñas: "Ética na Intervención Social". Tratáronse temas relacionados coa ética xurídica e a ética dos coidados, dentro do ámbito da intervención social. Moi, moi interesante esta xornada! Danos a oportunidade de aprender.

| EDIFICIO LICEO BETANZOS<br>23 DE NOVEMBRO DE 2022                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| PROGRAMA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |  |
| 9:15h. Acolida das persoas inscritas.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |  |
| 9:30 h. Inauguración da xornada.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |  |
| José Antonio Santos Miramontes, Presidente Consorcio As Mariñas<br>Lúa Sanguiniedo Álvarez, Directora do Plan Coordinador de Servizos Sociais, Consorcio As Mariñas.                                                                                                                                                                                       |  |
| 9:40 h. Presentación do Comité de Ética en Intervención Social (CEIS) As Mariñas.                                                                                                                                                                                                                                                                          |  |
| Lorena González e Sereazabel Rodríguez, vogais do CEIS As Mariñas.                                                                                                                                                                                                                                                                                         |  |
| 10:00 h. Conferencia. "Impulsando o bo trato na intervención social: Perspectiva Ética".                                                                                                                                                                                                                                                                   |  |
| Moderadora: Teresa Guerra, Secretaria do CEIS As Mariñas.<br>Relatora: Marije Golkoetxea, Universidad de Deusto, CEIS de Bizkaia, Comisión Sociosanitaria de Comités de Ética de Euskadi.                                                                                                                                                                  |  |
| 12:00 h. Pausa.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |  |
| 12:30 h. Boas prácticas na atención sociosanitaria.                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |  |
| Moderadora: Virxinia Alonso, Presidenta do CEIS As Mariñas.<br>Participan:<br>Elena Viqueira, Directora de AFACD.<br>Antonio Nayta, Presidente do Comité de ética de ASPROINAGA.<br>Ana Vilas, Vicepresidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e responsable da Comisión Deontolóxica.<br>Paula Tomé, activista en saúde mental e docente. |  |
| 14:30 h. Clausura da xornada.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |  |
| María Berral Varela, alcaldesa de Betanzos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |  |
| INSCRIPCIÓNS: <a href="#">PREMA AQUÍ</a>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |  |





- Asistimos en Betanzos á IX Andaina Contra a Violencia de Xénero, coa veciñanza de Bergondo e a do resto dos Concellos do Consorcio das Mariñas. Pola erradicación de todo tipo de violencias contra as mulleres, a comarca das Mariñas dí non! Uns 5 Km, hora e media de andaina, para visibilizar o noso rexeitamento a esta lacra e emerxencia social.



ABEGONDO BERGONDO BETANZOS CAMBRE CARRAL CULLEREDO OLEIROS SADA

# ANTE A VIOLENCIA AS MARIÑAS DI NON

## IX ANDAINA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

SÁBADO 26/11/2022  
Saída: 10.30 h.  
Praza Irmáns García Naveira  
(Betanzos)

# ANTE A VIOLENCIA AS MARIÑAS DI NON

ABEGONDO BERGONDO BETANZOS CAMBRE CARRAL CULLEREDO OLEIROS SADA





## 4- AGRADECEMENTOS

A Asociación Elas quiere agradecer o apoio, durante estes anos, das diferentes organizacións públicas e privadas que permitíronnos conseguir os nosos obxectivos.



Concello de Bergondo

Club de taekwondo Han's Horang-I



ONG MESTURA





## 5- DATOS ECONÓMICOS

| CONTA DE RESULTADOS 2022    |                    |          |
|-----------------------------|--------------------|----------|
| GASTOS                      |                    |          |
| Nº CONTA                    | CONCEPTO           | IMPORTE  |
| 625.0                       | PRIMAS DE SEGURO   | 105,45 € |
| 626.0                       | SERVIZOS BANCARIOS | 117,00 € |
| TOTAL GASTOS 2020           |                    | 222,45 € |
| INGRESOS                    |                    |          |
| Nº CONTA                    | CONCEPTO           | IMPORTE  |
| 720.0                       | COTAS DE SOCIOS    | 100,00 € |
| TOTAL INGRESOS 2020         |                    | 100,00 € |
| RESULTADO DO EXERCICIO 2020 |                    |          |
| GASTOS                      |                    | 222,45 € |
| INGRESOS                    |                    | 100,00 € |
| PERDA                       |                    | 122,45 € |

**NOTA:** Os importes das cotas de socia cobradas por banca electrónica deste 2022, cobráronse no inicio do 2023, debido a un erro na tramitación online. Houbo que repetir a operación o día 3 de Xaneiro. Por tanto, aparecerán nos datos económicos do 2023.



| BALANCE DE SITUACIÓN 2022 |                                      |               |
|---------------------------|--------------------------------------|---------------|
| ACTIVO                    |                                      |               |
| D) ACTIVO CIRCULANTE      |                                      |               |
|                           |                                      |               |
| D VI) Tesorería           |                                      |               |
| 570                       | Caixa                                | 660,96 €      |
| 572                       | Bancos                               | 2.422,90 €    |
| TOTAL ACTIVO              |                                      | 3.083,86 €    |
| PASIVO                    |                                      |               |
| A) FONDOS PROPIOS         |                                      |               |
| A I) Fondo Social         |                                      |               |
| 101                       | Fondo social                         | 140,00 €      |
| 120                       | Excedentes. positivos<br>exerc. ant. | 8.414,26 €    |
| 121                       | Excedentes. negativos<br>exerc. ant. | - 10.117,96 € |
| 129                       | P y G (Perda)                        | - 122,45 €    |
| B) PASIVO NO CORRIENTE    |                                      |               |
| 410                       | Acreedores                           | 4.770,01 €    |
| TOTAL PASIVO              |                                      | 3.083,86 €    |